

NOTA DE PRENSA

O Igape e BIC Galicia promoven o III Día Galego do Emprendedor, destinado a ofrecer información, ideas e apoio para a creación dunha empresa

Baixo o lema “A túa idea, a túa empresa”, búscase favorecer a transformación de ideas en proxectos empresariais, sobre todo entre estudantes universitarios e de FP

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- O **Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e BIC Galicia**, organismos dependentes da Consellería de Economía e Facenda, están a rematar os preparativos para a que será a terceira edición do Día Galego do Emprendedor. O evento reunirá o vindeiro 15 de maio a emprendedores e empresarios de toda Galicia no Palacio de Congresos de Santiago. Na organización da xornada colaboran tamén outras consellerías da Xunta de Galicia, así como organizacións de carácter empresarial e as universidades galegas.

Esta xornada enmárcase na campaña nacional “Emprendemos Juntos” da Dirección Xeral de Política da PEME do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Esta terceira edición estase a desenvolver baixo o lema “A túa idea, a túa empresa”, co que se pretende transmitir que unha idea pode desencadear nun proxecto empresarial viable, destinado a favorecer o crecemento económico e social da comunidade na que se asenta.

Os novos modelos de negocio, dende o software libre á pedra natural

O III Día Galego do Emprendedor abordará novos modelos de negocio que se abren para os futuros emprendedores en xeral e no contorno galego en particular, sobre todo a través das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías e internet. Nesta liña, prestaráselle unha atención especial ao eido do software libre, pero tamén a outros sectores moi diferentes e en auxe en Galicia como é o da pedra natural, que se presentará como unha liña de negocio con futuro e como un sector no que tamén se está a innovar de maneira activa.

No marco da xornada, trataranse as diferentes vías que existen na actualidade para o financiamento dos proxectos emprendedores. Aportaranse as claves necesarias para emprender e xestionar un proxecto empresarial con éxito, co fin de evitar erros de planificación e acadar a súa consolidación no mercado.

Un espazo dedicarase ao emprendemento dende a escola. Presentaranse as iniciativas que existen en Galicia praa a promoción do espírito emprendedor no eido educativo e tamén no ámbito da Formación Ocupacional. Por outro lado, abordaranse os retos e oportunidades no eido do desenvolvemento local, destacando o papel do técnico de emprego na creación de novas empresas.